



# CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX 2016



FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



REGULAMENTO PARTICULAR TIPO

3º RALLYMIX CONCELLO DE A GUDIÑA 2016

PROVINCIA: OURENSE

21 E 22 DE MAIO DE 2016



## INDICE

### **TITULO I ....: PROGRAMA HORARIO**

### **TITULO II ...: ORGANIZACION**

Art. 1 Organización

### **TITULO III ..: MODALIDADES XERAIS**

Art. 2 Puntuabilidade

Art. 3 Descripción

Art. 4 Vehículos Admitidos

Art. 5 Concursantes Admitidos

Art. 6 Solicitud de Inscripción - Inscripcións

Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

### **TITULO IV ...: OBLIGACIONES XERALES**

Art. 8 Publicidade

### **TITULO V ....: DESENROLO DA PROBA**

Art. 9 Recoñecemento

Art. 10 Hora Oficial do Rallye

Art. 10 Penalizacións

Art. 11 Premios

### **PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS**

**ANEXO I .....: LICENCIAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2016 (ANUARIO F.G.A.)**

**ANEXO II ....: FOLLA DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD**

**ANEXO III ..: TERMINOLOXIA**

**ANEXO IV ...: ENCARGADO DAS RELACIONES COS CONCURSANTES**

**ANEXO V ...: ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE**

**ANEXO VI ...: ITINERARIO – HORARIO**

**ANEXO VII ...: PARQUE PECHADO, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA, SERÁ O MÁIS PERTO DA SAÍDA DO RALLYMIX.**



### 1.- PROGRAMA.

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
20/04/2016	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	Esc. HC Competición <a href="http://www.hccompeticion.com">www.hccompeticion.com</a> <a href="mailto:hccompeticion@gmail.com">hccompeticion@gmail.com</a> 606 740 382
20/04/2016	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	
19/05/2016	20:00	Peche de inscricións	
20/05/2016	18:00	Publicación lista de inscritos	
Sábado 21/05/2016	09:30	Distribución da folia de ruta para o recoñecemento libre dunha única pasada polo treito a unha velocidade non superior ós 60 km.	Oficina da Escudería Talleres Fernandez (Ó lado do parque de traballo)
	09:30	Entrega de documentación	
	De 09:30 a 11:30	<b>Verificacións Administrativas:</b> <b>Mesa A:</b> Carcross <b>Mesa B:</b> Atmosféricos <b>Mesa C:</b> Turbos	
	De 09:30 a 11:30	<b>Verificacións Técnicas:</b> <b>Calle A:</b> Carcross <b>Calle B:</b> Atmosféricos <b>Calle C:</b> Turbos	Vía de servizo do parque de traballo (N-525)
	De 09:30 a 11:30	<b>O recoñecemento libre só se autorizará o sábado pola mañá, de 9:30 a.m. a 11:30 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.</b>	TC-1 (Treito cronometrado)
	11:45	Hora límite presentación vehículos no parque de presafda.	
	12:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	Autobús da FGA e tablón do parque de traballo
	12:10	Breifing a pilotos	Parque de Traballo
	12:30	Saída 1º participante 1ª pasada	TC-1 (Treito cronometrado)
	14:00	Reagrupamento en P. de Traballo	Parque de Traballo (Parque Transporte da Gudiña)
	16:00	Saída 1º participante 2ª pasada	TC-1 (Treito cronometrado)
	a continuación	Saída 1º participante 3ª pasada	
Domingo 22/05/2016	10:00	Saída 1º participante 4ª pasada	TC-1 (Treito cronometrado)
	a continuación	Saída 1º participante 5ª pasada	
	a continuación	Publicación de resultados	Autobús da FGA e tablón do parque de traballo
	a continuación	Entrega de premios e trofeos	Mesón de EROSA - A Gudiña
		Rolda de prensa dos vencedores de cada Agrupación (6)	Parque de Traballo (Parque Transporte da Gudiña)

**Nota: Levantamento vehículos parque pechados:** Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao devehñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques** pechados, sen ter que esperar ás entregas de premios.

### TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende o día (Sábado) 21 de Maio de 2016 as 09:30 horas, ata o día (Domingo) 22 de Maio de 2016 as 15:00 horas estará situado no Autobús da F.G.A. permanente do RallyMix, emprazado no parque de traballo-parque pechado.



## 2.- ORGANIZACIÓN.

### Artigo 1.- Organización.

#### Artigo 1.1.- Definición:

A Escudería HC Competición organiza o 3º RALLYMIX CONCELLO DE A GUDIÑA que se desenvolverá desde os días 21 de Maio ó día 22 de Maio do ano 2016.

Este RallyMix disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2016, as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterreo, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 07-04-2016. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-016-RX.

Presidente:

D. Gerardo Armesto Vázquez

Vocais:

D. Gerardo Fernández Boo

D. Manuel Darriba Cardesín

D. Enrique Rodríguez Rodríguez

Secretario:

D. Antonio Pérez Cid

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

#### Escudería HC Competición

Avda. Buenos Aires, 51-7º

32004 Ourense

Teléfono: 606 740 382 Fax: 988 271 461

[www.hccompeticion.com](http://www.hccompeticion.com)

[hccompeticion@gmail.com](mailto:hccompeticion@gmail.com)

#### Artigo 1.3. Oficiais:

##### Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. GERARDO ARMESTO VAZQUEZ

DC1ª-1140-GA.

##### Comisarios Deportivos:

Presidente:

D. GERARDO ARMESTO VAZQUEZ

DC1ª-1140-GA.

D. ALFONSO VIANA MEJUTO

CD-1019-GA.

D. FCO. JAVIER VAZQUEZ ALVAREZ

DC1ª-0021-GA.

##### Observador da F.G. de A.:

D. BENJAMIN CASTIÑEIRAS CASTRO

OBS-0027-GA.

##### Director da Carreira-Oficina/Autobús:

D. DAVID FERREIRO ESPINOSA

DC1ª-0581-GA.

##### Comisarios Técnicos:

Presidente:

D. JUAN C. FEIJOO RODRIGUEZ

JOC1ª-0006-GA.

##### Responsable Equipos Cronometraxe:

D. VICENTE A. VAZQUEZ GOMEZ

DC-0584-GA.

##### Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. ANTONIO PEREZ CID

CD1ª-0196-GA.

##### Vehículo "0" (DIRE

Verde

D. JOSE A. VELO DOMINGUEZ

CTOR NA ESTRADA):

CD1ª-1139-GA.

##### Vehículo "00" (ESCOBA):

Bermello

D. ALEJANDRO FERREIRO ESPINOSA

CD1ª-0582-GA.

Servicio vehículos de rescate: TEAM MEDICAL SPORT



Servicio inform3tico: Federaci3n Galega de Automobilismo

D. Miguel Gonz3lez Garc3a  
D<sup>a</sup>. Raquel Rodr3guez L3pez  
D<sup>a</sup>. Miriam P3rez N3voa

DC1<sup>a</sup>-0028-GA.  
JOB-0017-GA.  
OB-0049-GA.

Servicio de ambulancias: AMBULANCIAS AMBUGAL

Centros asistenciais: Hospital Comarcal de O Barco, Hospital de Ver3n, e os centros concertados con Canal Salud 24.

Servicio de gr3as: Gr3as Celanova Motor e Talleres Fernandez (A Gudi3a).

O Veh3culo "0" pasar3 diante do primeiro participante coa antelaci3n suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Veh3culo "00" pasar3 xusto detr3s do derradeiro participante. Estos dous veh3culos ter3n que ser pilotados por Oficiais con licencia CD1<sup>a</sup>, expedida pola F.G. de A., e 3 súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

### 3.- MODALIDADES XERAIS.

#### Artigo 2.- Puntuabilidade.

O 3<sup>o</sup> RALLYMIX CONCELLO DE A GUDI3A 2016 3 puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato Clase A.
- Campionato Clase B.
- Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Navegantes.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACI3N 1.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACI3N 2.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACI3N 3.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACI3N 4.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACI3N 5.
- Copa de Galicia de RallyMix para Escuder3as (debidamente rexistradas e en posesi3n de licencia de concursante expedida pola F.G. de A.).
- 3<sup>a</sup> Copa Pirelli K6 2016.

#### Artigo 3.- Descrici3n.

O 3<sup>o</sup> RALLYMIX CONCELLO DE A GUDI3A 2016 consta dun percorrido de 11,600 Kms., dos cales 11,400 Kms. corresponden a 1 treito cronometrado por pistas de terra/asfalto pechada 3 tr3fico; est3 dividido en d3as etapas e 5 pasadas polo mesmo treito. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento.

Na folia de ruta consta detallado o percorrido.

O RallyMix ter3 no mesmo lugar un parques de traballo/parque pechado.

#### Artigo 4.- Veh3culos admitidos.

4.1.- En t3dolos RallyMix, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, ser3n admitidos os veh3culos seguintes:

- T3dolos grupos do regulamento do Campionato de Rallyes 2016 ser3n admitidos a participar.
- Os veh3culos de Mont3a dos Grupos N, A, X, P, SCC, Hist3ricos, T, e G, 3 selo circuíto pechado tipo da especialidade de Mont3a/Rallymix.
- Os veh3culos de Autocross de -1.600 c.c., de +1.600 c.c., 4x4-Supercroscar.
- Os quad biplazas, con volante, ou prototipos autorizados pola Comisi3n T3cnica da Federaci3n Galega de Automobilismo.
- Os carcross, da especialidade de Autocross, adm3tense con clasificaci3n independente (Clase A) farase unha clasificaci3n xeral scratch exclusiva con premios en met3lico e trofeos.

4.2.- T3dolos veh3culos deber3n cumprir co regulamento t3cnico do seu campionato de procedencia, ag3s os veh3culos turboalimentados, ou con compresor, que non ter3n obriga de instalar ning3n tipo de brida restrictora, sendo libre o instalala ou non.

4.3.- Os veh3culos deberanse presentar 3s verificaci3ns nun estado impecable de chapa e pintura, non presentando ningunha arista cortante na s3a carrocer3a.



#### 4.4.- CLASES:

##### CLASE "A":

**AGRUPACIÓN 1:** Vehículos carcross ata 600 c.c., dúas rodas motrices e sen diferencial nin autoblocante.

##### CLASE "B":

**AGRUPACIÓN 2:** Vehículos ata 1.600 c.c.

**AGRUPACIÓN 3:** Vehículos máis de 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.

**AGRUPACIÓN 4:** Vehículos máis de 2.000 c.c. ata 3.000 c.c.

**AGRUPACIÓN 5:** Máis de 3.000 c.c.

4.5.- A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun só vehículo.

#### Artigo 5.- Concursantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2016 publicado pola Federación Galega de Automobilismo. Tódolos pilotos deberán ter o Carnet de conducir en vigor.

#### Artigo 6.- Solicitud de inscrición-inscricións.

6.1.- Toda persoa que desexe participar no 3º RALLYMIX CONCELLO DE A GUDIÑA 2016 deberá remiti-la solicitud de inscrición, debidamente cumprimentada, á secretaría do RallyMix, sita en:

##### Escudería HC Competición

Avda. Buenos Aires, 51-7º

32004 Ourense

Teléfono: 606 740 382 Fax: 988 271 461

[www.hccompeticion.com](http://www.hccompeticion.com)

[hccompeticion@gmail.com](mailto:hccompeticion@gmail.com)

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 19 de MAIO de 2016

Os datos relativos ó copiloto (optativo), con ou sen copiloto, poden ser completados ata o día 20 de MAIO de 2016.

6.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

6.3.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos de calquera das formas seguintes:

.- Na secretaría da proba

.- Na conta corrente nº ES38 0081 0504 1600 0116 5117 (BANCO SABADELL).

6.4.- Admitiránse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5.- A orden de recepción da solicitud de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será determinante para a confección da Lista de Inscritos, e dos dereitos de participación adquiridos.

#### Artigo 7.- Dereitos de inscrición-seguros.

7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **275,00 €.** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2.- **550,00 €.** Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 7.1.1.).

7.2.- A solicitud de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.


7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

#### 4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.

##### Artigo 8.- Publicidade.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

##### Obrigatoria





## **Facultativa**

### **A DESIGNAR**

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes (según a normativa da F.G.A.):

**ALETAS DIANTEIRAS E TRASEIRAS**

## **5.- DESENROLO DA PROBA.**

O desenrolo do RallyMix terá dúas mangas de recoñecemento libre o sábado, de 9:30 a.m. a 11:30 a.m., con controis de radar non podendo superar, no recoñecemento do treito, os 60 kms./hora. e cinco oficiais a disputar entre sábado e o domingo, sumando as cinco mangas oficiais para obter a clasificación final do RallyMix (asfalto-terra).

### **Artigo 9.- Normas, duración e clasificación da proba.**

9.1.- O treito terá unha lonxitude mínima de 6 kms. e máxima de 12 kms. (a F.G. de A. por motivos de seguridade, ou interese, poderá autorizar modificacións puntuais no quilometraje).

Para este tipo de probas mixtas é obrigatorio que como máximo unha superficie non rebase o 70% da outra. Pódese intercalar asfalto-terra, ou terra-asfalto.

9.2.- Obrígase que a saída e a chegada fágase en asfalto, pola saúde e pulcritude dos cronometradores, das impresoras de cronometraxe, e vistosidade.

9.3.- O número máximo de treitos cronometrados será de un.

9.4.- O número máximo de pasadas polo treito será de cinco a computar no RallyMix. Por operatividade o número de pasadas polo treito, o sábado, será 2/3, e o domingo de 3/2. O condicionante da luminosidade, e do número de participantes, autoriza a Exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión.

9.5.- Nun RallyMix non se poderá utilizar o treito cronometrado, nos dous sentidos.

9.6.- Publicaranse unhas medidas de seguridade, especiais e complementarias á normativa F.I.A., para os vehículos de autocross, car cross, trial 4x4, quad, ou prototipos autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

9.7.- Entregarase, en tódolos RallyMix, un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra-asfalto. Entregaranse unhas notas, confeccionadas polo organizador da proba.

9.8.- Terase que facer un Briefing antes do comezo do RallyMix (primeira manga oficial do sábado).

9.9.- As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionais en cores vermello, e amarelo.

9.10.- Sinalización, montaxe e seguridade según as prescricións comúns de rallyes da FGA. Colocaranse as pancartas F.I.A., segundo o estipulado para sinalizar o treito.

9.11.- Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída e parque pechado onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.). Recomendase tamén a instalación dun panel de tempos situado no parque traballo de fácil acceso ós participantes.

### **Artigo 10.- Recoñecementos:**

10.1.1.- Os recoñecementos libres quedan limitados a dúas pasadas polo treito en horario taxado.

10.1.2.- A primeira infracción será penalizada cunha sanción económica de 200 € a abonar polo concursante á Federación Galega de Automobilismo nas 48 horas seguintes á celebración da proba.

10.1.3.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", pola reincidencia.

10.1.4.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 10.1.2 e 10.1.3 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para aperturar a incoación do expediente disciplinario no seu caso.

10.1.5.- Si unha escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utilizalo mesmo treito por outra entidade organizadora.

10.1.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico e Rural, para seguir un control rigoroso e exhaustivo, conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.





10.1.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, debidamente licenciado e acreditado, que fará partes dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da proba.

10.1.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará dous Comisarios / Controladores, debidamente licenciados e acreditados, con poderes sancionadores (radar).

10.1.9.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan o recoñecemento autorizado. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo participante infractor.

10.1.10.- Os recoñecementos libres só se autorizaran o sábado pola mañá, de 9 a.m. a 11 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.

10.1.11.- Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito.

10.1.12.- Ós participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das horas sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos os efectos, e apertura de expediente disciplinario.

### **Artigo 11.- Carrera.**

2.1.- A oficina oficial da proba estará instalada no autobús da Federación, sito no parque de traballo-pechado.

2.2.- O autobús terá instaladas dúas sirenas de barco. Infórmase que para o comezo, aviso, de cada manga de competición farase dende o autobús da Federación cun toque (1 minuto) de 2 sirenas de barco, de 130 dB.

2.3.-Saída: O xefe de posto, ou calquera dos Comisarios Técnicos, encargaranse de situar o vehículo e de comprobá-las medidas de seguridade do piloto (arnés, casco, vestimenta, etc). Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe.

2.4.- A saída darase lanzada, entre dous e cinco metros por detrás da célula, e o tempo será a milésima de segundo ao rebasar a célula.

2.5.- Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 20 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante da súa agrupación contabilizarase como non saído no treito. A normativa faise para favorecer as reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización tasada.

2.6.- Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso aminorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o conductor deberá situar o vehículo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.

2.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado, na mesma manga, de cada Clase "A" ou "B". Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas, poderá continuar no Rally Mix. Poráselle o peor tempo do derradeiro participante clasificado nas mangas das incidencias sen ningún tipo de penalización ou accidente. Para aparecer na clasificación final terase que completar alomenos un treito ó completo perdía (Sábado e Domingo).

2.8.- Un participante que teña que parar no treito, por causas alleas a súa vontade, ou impedimento de paso doutro vehículo outorgaráselle o tempo da súa peor pasada. De non existir será a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos.

2.9.- De saír na última manga (sábado e domingo) e non chegar a metárase o tempo do peor clasificado na manga (Clase A ou B). Ao non tomala saída na última manga, do domingo, será exclusión total do meeting.

2.10.- Unha vez rebasada a liña de meta, os participantes deberán dirixirse o parque de traballo sen deterse no enlace, so pena de EXCLUSIÓN

2.11.- Os vehículos avariados ou siniestrados, no treito, serán retirados pola organización, con todoterreos 4x4 (con eslinga); ou con guindastres, se fora preciso, por non poder circular polos seus medios exclusivamente.

Os rescates faranse na medida das posibilidades da organización, entre cada manga, e retiranse a totalidade dos vehículos siniestrados ou avariados ó final de cada día do evento deportivo.

### **Artigo 12.- Parques.**

1.- O parque pechado, e parque de traballo, poderán ser o mesmo, e sempre en réxime de reparación, coa salvidade do tempo perceptivo da publicación da clasificación final do Rally Mix, no que non se poderá manipular o vehículo só pena de exclusión. A súa situación debera estar o mais próxima a saída e meta do treito cronometrado.





En caso de que o parque pechado estea noutra ubicación, o organizador debera ter os medios suficientes para garantir o desprazamento dos vehículos dende o parque pechado ata o parque de traballo.

2.- Parque de presaída deberá estar delimitado e considerárase parque pechado, debendo entrar nel os participantes na súa orde de saída, non podendo estar dentro do mesmo outros membros do equipo que non sexan os tripulantes do vehículo competidor.

#### Artigo 13.- Hora oficial do RallyMix.

1.- Durante o transcurso do RallyMix, a hora oficial será a emitida polo reloxo atómico do Instituto de Brunswick (Alemania).

2.- Os Comisarios Deportivos designarán, in situ, a hora de saída de cada treito. Entregarán ó Relación cos Participantes, antes do comezo da manga, o carnet de ruta a cada participante con sinatura de recibí. A aplicación faise para axilizaro RallyMix, e poder repescar a participantes con problemas, debido á flexibilización dos horarios.

#### Artigo 14.- Penalizacións.

As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de Rallyes da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2016.

#### Artigo 15.- Premios.

XERAL SCRATCH "CLASE A"	
AGRUPACIÓN 1 (CARCROSS)	
A.- SI SAEN ATA 15 VEHÍCULOS	B.- SI SAEN MAIS DE 15 VEHÍCULOS
1º 500 € e Trofeo	1º 600 € e Trofeo
2º 400 € e Trofeo	2º 500 € e Trofeo
3º 250 € e Trofeo	3º 350 € e Trofeo
4º 150 €	4º 200 €
	5º 150 €
<b>TOTAL: 1.300,00 €</b>	<b>TOTAL: 1.800,00 €</b>
<b>TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 1.300 € OU 1.800 €.</b>	

XERAL SCRATCH "CLASE B"		
AGRUPACIÓN 2, 3, 4 e 5		
XERAL	SI SAEN ATA 60 VEHÍCULOS CARROZADOS	
1º 500,00 € e Trofeo	PREMIOS POR CILINDRADAS	
2º 400,00 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)
3º 300,00 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
4º 250,00 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
5º 200,00 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
6º 150,00 €		
7º 100,00 €	MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)
8º 100,00 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
9º 100,00 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
10º 100,00 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
<b>TOTAL: 2.250,00 €</b>	<b>TOTAL: 2.400,00 €</b>	
<b>TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 4.650 EUROS.</b>		

XERAL	SI SAEN + 60 VEHÍCULOS	
1º 750,00 € e Trofeo	PREMIOS POR CILINDRADAS	
2º 600,00 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)
3º 500,00 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo
4º 400,00 €	2º 250 € e Trofeo	2º 250 € e Trofeo
5º 350,00 €	3º 200 € e Trofeo	3º 200 € e Trofeo
6º 300,00 €		
7º 250,00 €	MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)
8º 200,00 €	1º 350 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo
9º 150,00 €	2º 250 € e Trofeo	2º 250 € e Trofeo



10º 100,00 €	3º 200 € e Trofeo	3º 200 € e Trofeo
<b>TOTAL: 3.600,00 €</b>	<b>TOTAL: 3.200,00 €</b>	
<b>TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 6.800 €EUROS.</b>		

Don Gerardo Armesto Vázquez, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD1ª-1140-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba  
N.I.F.: 53495413N  
Licencia DC1ª-0581-GA

Entidade: Esc. HC Competiciónh  
C.I.F.: G32447195  
Fdo: Presidente D. Gerardo Armesto Vázquez  
Licencia CD1ª-1140-GA



Selo do Clubé.

Fdo: Xefe de Seguridade Vial  
N.I.F.: 34943268N  
Licencia CD1ª-0582-GA

## PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	21/05/2016	09:30	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : NO AUTOBÚS DA F.G.A.
2ª		12:15	
3ª		20:00	
4ª	22/06/2016	17:00	
5ª		17:30	

### ANEXO I

#### RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:

- 1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2016 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autónoma Única, expedidas polas Federacións Autónomas de Automobilismo.
- 2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.
- 3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delegada aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2016, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:
  - A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.
  - B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.
  - C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas nos Campionatos antes mencionados coa non autorización a tomala saída.
- 4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2016, inclusive, serán considerados "OPEN".

#### ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

- 1-Ratificáronse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autónomas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañán do pasado 12 de Outubro.
- 2-Ratificáronse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licencia Autónoma Única" polas 17 Federacións Autónomas.



3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptou de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2016, sexan considerados "Open". Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licenzia federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro no C.S.D.**

4-O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2016, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias **estabécese en 190 euros.**

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán válidas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2016, e será comunicado a tódalas Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

**7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal** do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de "Licenzia Autonómica Única", **a aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licenzia pola Federación Autonómica correspondente.**

**9-A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola "Federación Galega de Automobilismo", en tutela dos seus intereses e dereitos.**

10-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Ley 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Ley 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo".

## ANEXO II

### FOLLAS DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD

#### CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba hacia abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ó principio das follas de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta-kilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior das follas deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o kilometraje e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións muy próximas, e decir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre si.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a carretera deberá aparecer entre paréntesis.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encuadrados, e si ai un cambio de dirección, coa flecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis terá que ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comenará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recuadro).
- 16.- En cada dibuxo, o punto de orixen situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis dibuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- Nas follas de ruta, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:












- 23.- A saída, e a meta dos treitos e os parques pechados e de traballo, deberán estar sinalados con latitude e lonxitude.

#### **SUXERENCIAS:**

- 1.- Indica-la velocidade media dos treitos de enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do RallyMix.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbán).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.

Todo-los puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.

### MODELO DE FOLLA DE RUTA (ROAD-BOOK)

XXII RALLYE CIDADE DE NARÓN					Distancia	Tempo Ideal	Media
					10,400 Kms.	14 Minutos	44,57 Kms./h.
Páx.	SECCIÓN	1	De C.H.S.	TC-1	Récord Treito Cronometrado		Este Treito disputase por primeira vez
23	SECTOR	4	A C.H.	2			
Distancia		DIRECCIÓN			INFORMACIÓNS		Distancia Próximo C. H.
TOTAL	PARCIAL						
0,000 Kms.	0,000 Kms.	1		(5,850)		43° 37' 30" N 07° 59' 45" O  SAÍDA TREITO "A-1"	10,400 Kms.
0,650 Kms.	0,650 Kms.	2		(5,200)			9,750 Kms.
0,750 Kms.	0,100 Kms.	3		(5,100)			9,650 Kms.
1,300 Kms.	0,550 Kms.	4		(4,550)			9,100 Kms.
1,950 Kms.	0,650 Kms.	5		(3,900)			8,450 Kms.



## ANEXO III

### TERMINOLOXIA

<b>Sector de enlace</b>	Itinerario comprendido entre dous controis horarios sucesivos.
<b>Sección</b>	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: - entre a saída dunha etapa e o primeiro reagrupamento. - entre dous reagrupamentos sucesivos. - entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do RallyMix.
<b>Etapa</b>	Cada unha das partes do RallyMix separadas por unha parada de alo menos oito horas, ou por unha parada alo menos igual á duración do percorrido efectuado, si éste e inferior a sete horas.
<b>Neutralización</b>	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calqueira razón.
<b>Reagrupamento</b>	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
<b>Parque Pechado</b>	Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos de Galicia e polo regulamento particular da proba.
<b>Complemento</b>	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a éste último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou membros dos equipos deben acusar recibo mediante asinamento.
<b>Carnet de Control</b>	Carnet destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carnet debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carnet de control distinto para cada unha das seccións.
<b>Treito cronometrado</b>	Proba de velocidade en carretera, pechada ao tráfico normal.

## ANEXO IV

### ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

#### MISIONS PRINCIPAIS

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial poseedor de licenza expedida pola Federación Gallega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexo de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de todas as decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por eso e convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluir a súa fotografía e o seu número de teléfono móbil no regulamento particular, ou nun complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

#### PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESEÑO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do RallyMix (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario do RallyMix).

#### Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar tódalas informacións ou cualquier precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

#### Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexo de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas, e solicitudes satisfactorias, para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

## ANEXO V

### 1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

**a) Plan de Seguridade:** Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.



- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Vehículo de rescate.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Centros asistenciais.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade do treito cronometrado.

**b) Xefe de Seguridade Vial:** No Regulamento particular do RallyMix nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o RallyMix estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída do treito cronometrado (por teléfono e por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

**c) Control:** O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

## 2) SEGURIDADE NOS TREITOS CRONOMETRADOS

**a) Servizos de asistencia:** Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 vehículo de rescate.
- 2 ambulancias equipadas. (1 UVI Móbil, e unha asistencial).
- 1 equipo de socorristas.
- 2 grúas.
- 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 10 km.:

- 1 médico.
- 1 ambulancia equipada.
- 1 equipo de socorristas.

Dacordo coa perigosidade, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord del treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Asimismo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquer posible incidente ou accidente.

**b) Medidas preventivas. Sinalización:** As carreteras e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

**Intervención:** Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respetar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteles, cintas, pitos e altavoces.
- Sempre que sexa posible, advertir ós equipos por medio de bandeiras amarelas.

**Información:** Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Tablóns con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altavoces que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

**c) Vixilancia:** Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm x 50 cm sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE, cun número 0 (peche dos treitos), e co número 00 (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar unha bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un oficial con gran experiencia en Rallyes, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquer incidente. Unha rede de radio (con unha implantación alo menos cada 3 kms), específica para o treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do RallyMix.

**d) Evacuación:** Debe preverse un itinerario de evacuación para o treito cronometrado. Os servizos de urxencia dos hospitales deben estar en estado de alerta.

**3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE:** O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades.

O condutor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en todos os treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinturón de seguridade en todo o percorrido da proba.





#### ANEXO VI

PROBA : 3º RALLYMIX CONCELLO DA GUDIÑA

#### ITINERARIO HORARIO

**NON SERÁ APROBADO NINGÚN REGULAMENTO PARTICULAR, QUE NON VEÑA ACOMPAÑADO DO LIBRO DE RUTA, MANUAL DE SEGURIDADE, E DA FOLLA DE SOLICITUDE DO TREITO E HORARIO DE PECHES PARA A CELEBRACIÓN DO RALLYMIX, ASINADOS POLO XEFE DE SEGURIDADE VIAL, DO DIRECTOR DA PROBA, E DO PRESIDENTE DA ESCUDERIA.**

#### ANEXO VII

#### CARAVANA RALLYES:

En tódolos rallyes a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

**Megafonía:** Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.

**Xefe de Seguridade Treito:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo cierre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

**Observador Federación:** Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

**Xefe de Seguridade Vial:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do treito.

**Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde):** Depoís de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobar as medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarruas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobar as medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

**Vehículos participantes:** Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

**Xefe de Seguridade Treito:** Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

**Escoba na estrada. Vehículo "00" (Bermello).** Depoís de finalizado o paso de todos os participantes, transcurrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnets de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

**Advertencia:** Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilizalos, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licenza de oficial CD para facelo seu cometido.

**Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos:** En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD1ª ou GA-XOC1ª, obrigatoriamente.

**Nova normativa Comisarios Técnicos:** Depoís de finalizada a súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudo das follas de cor amarelo, emitirase unha acta-informe que grapada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibi da entrega na copia.





CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

3º RALLYMIX CONCELLO DA GUDIÑA 2016

--

	ESCUADERIA	PILOTO	COPILOTO	ASISTENCIAS
NOME				
APELIDO 1º				
APELIDO 2º				
D.N.I. - N.I.F.:				
TELEFONO				
LICENCIA	EC- -GA	E- -GA	CO- -GA	AS- -GA

VEHÍCULO

MARCA E MODELO	MARCA DE PNEUMÁTICOS	MATRÍCULA	C.C.	GRUPO	CLASE

TROFEO OU COPA DE PROMOCIÓN

O Concursante, declara baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o vehículo debe quedar clasificado no grupo e na clase sinalados anteriormente.

PAGO DE INSCRICIÓN

Ingreso IBÁN nº:	Entidade BANCO SABADELL	ES38 0081 0504 1600 0116 5117
Importe da inscrición:	275,00 €uros 550,00 €uros	Acepta a publicidade facultativa: SI <input type="checkbox"/> Acepta a publicidade facultativa: NON <input type="checkbox"/>

COBRO DE PREMIOS - OPCIÓN DE ABONO QUE SE SOLICITA

A	Conta bancaria para transferencia de premios <input type="checkbox"/>	Entidade	IBÁN Nº:
---	---	----------	----------

O Concursante suscrito solicita a súa inscrición para participar no 3º RALLYMIX CONCELLO DA GUDIÑA 2016, declarando coñece-lo regulamento da proba, ó cal se somete aceptando sen ningunha reserva, tanto por si mesmo como polos seus conductores.

Asdo: O Concursante

No \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Cláusula de privacidade:

Os datos de carácter persoal incluídos neste documento serán incorporados a un fichero automatizado propiedade da escudería organizadora, sendo empregados unicamente con fins propios da activade que desenrola, Conforme a LOPD, vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, poñéndose en contacto ca escudería.

Acepto